

SERVICIOS

TRANSPORTES

Estación de Autobuses	981 542 416
Tussa	981 568 210
Transporte urbano	901 120 054
Renfe	902 240 202
Aeropuerto	981 547 500
AENA	902 404 704

PARADAS DE TAXI

Radiotaxi	981 569 292
Praza Roxa (24 horas)	981 595 964
Montero Ríos (24 horas)	981 561 028
Galeras	915 580 173
Póligono de Fontiñas	981 575 959
Avenida de Figueroa	981 585 973
Estación de Autobuses	981 582 450
Estación Ferrocarriil	981 598 488
Castiñeiríño	981 521 300
Aeropuerto de Lavacolla	981 591 575

AUTOBUSES DE LÍNEA

Castromil	902 292 900
Arriva	902 277 482
Alsa-Enatcar	902 422 242
Freire	981 563 238
La Estradense	986 570 018
Autobuses de Calo	981 548 581
Mosquera	981 587 124

URGENCIAS

Emerxencias-SOS Galicia	112
-------------------------	-----

SEGURIDAD COMARCAS

Policia Local de Ames	619 767 575
Policia Local de Arzúa	618 881 487
Policia Local de Brión	981 893 474
Policia Local de Melide	610 673 767
Policia Local de Ordes	676 975 533
Policia Local de Oroso	981 691 680
Policia Local de Santiago	981 542 323
Policia Local de Teo	606 984 838
Guardia Civil de Arzúa	981 500 002
Guardia Civil de Boimorto	981 516 212
Guardia Civil de Brión	981 887 011
Guardia Civil de Melide	981 505 007
Guardia Civil de Milladoiro	981 536 405
Guardia Civil de Negreira	981 885 001
Guardia Civil de Ordes	981 680 030
Guardia Civil de Padrón	981 810 091
Guardia Civil de Sta. Comba	981 880 023
Guardia Civil de Sigüeiro	981 691 381

FARMACIAS DE GUARDIA

SANTIAGO

URGENCIAS (9.30 a 22.00 horas)

San Pedro de Mezonzo, 34	981 593 391
Rúa de Madrid, 12	981 583 156
Frei. Rosendo Salvado, 18	981 599 702
Santa Marta de Arriba, 4-6	981 521 064
Castiñeiríño, 12	981 590 397
Porta Faxeira, 1	981 585 802
Restollal, 47	981 599 225
Cantón do Toural, 1	981 585 895
República Arxentina, 43	981 592 172

SERVICIO NOCTURNO (22 a 9.30 horas)

Rúa de Madrid, 12	981 583 156
República Arxentina, 43	981 592 172

COMARCAS

Ames Viduido de Abaixo, s/n	
Arzúa Ramón Franco, 31	
Melide Ronda de A Coruña, 60	
Negreira Cachurra, 23	
Ordes Alfonso Senra, 88	
Padrón Pza. Ángel Baltar, s/n	
Santa Comba Avda. Rosalía de Castro, 38	
Teo Igrexa, 13. Luou	

ROSARIO ÁLVAREZ PRESIDE O COMITÉ ORGANIZADOR DA CONVENCION

«Este congreso vai colocar ao galego no centro de interese»

A terceira edición do encontro internacional de Lingüística Histórica reúne en Santiago a máis de 400 investigadores

L. MARTÍNEZ, P. C.

SANTIAGO / LA VOZ

Rosario Álvarez Blanco (Pontvedra, 1952) é profesora de Filoloxía Galega na USC e directora do Instituto da Lingua Galega (ILGA). Ademais, é das poucas mulleres que ocupan un cargo na Real Academia Galega. Implicada no estudo do idioma, a filóloga presentou onte o Congreso Internacional de Lingüística Histórica, no que exerce como presidenta do comité organizador. Máis de 400 investigadores nos distintos ámbitos da lingüística portuguesa e galega procedentes das tres universidades da comunidade, así como doutras institucións e centros de Portugal e Brasil, danse cita en Compostela nunha iniciativa pioneira que pon «no centro de interese» ao galego.

—¿Que ten de novo este congreso?

—É distinto porque se celebra en Galicia e, polo tanto, vaise colocar o galego no centro do interese. Este feito obriga a investigadores portugueses e brasileiros que realizan o seu traballo considerando só a súa lingua entren nun contacto máis estreito coa lingua galega e coa investigación sobre esta. Pero tamén a aqueles que cren que a necesidade das súas investigacións cara o futuro teñen en consideración que o galego lles poída achegar unha valiosa información.

—Hai unha relación moi estreita entre ambas linguas. Tanto que existen plataformas que avogan por unha maior unión.

—Esta unión existe por si soa, non fai falta que ningún avogue por ela. Outra cousa distinta é que portugueses, brasileiros



A filóloga Rosario Álvarez Blanco é profesora da USC. MARTA FERREIRO

e galegos consideremos que eles falen portugués e non galego, ou que haxa persoas que en vez de mirar para a realidade de que as dúas comunidades de falantes consideran que falan linguas diferentes, propugnen que todo é o mesmo. Os lingüistas, non propugnamos esa idea. E non é cuestión de desexo, nin de plan político, senón que simplemente é que analizamos en profundidade a realidade da lingua e o que os falantes pensan desa realidade.

—Hai unha afirmación que na lingua se fixeron moitos cambios.

—Nós coñecemos ben cal é a rea-

lidade actual do galego dunha punta a outra de Galicia. En cada un deses puntos, hai variantes de moitos tipos, non máis que noutra lingua, ao contrario, moitas menos. E logo está a lingua normativa, que escolle cuns certos criterios unhas zonas sobre outras, ao igual que se fai co español. Pero o que o castelán fixo de estandarización ao longo de 300 anos, o galego fíxoo en tres décadas, polo tanto os cambios poden ser máis visibles porque se produciron dentro da mesma xeración de falantes. Acusar ao galego de cambiar máis que outras linguas é negativo e inxusto.

Viaño destaca o «liderado académico da USC no ámbito da lusofonía»

O terceiro Congreso Internacional de Lingüística Histórica «sitúa á Universidade nunha posición de liderado académico no ámbito da lusofonía», sinalou o reitor da USC, Juan Viaño, na inauguración deste foro internacional, que se celebrará ata este xoves, 30 de xullo.

Na súa intervención, e logo de destacar a importancia dos estudos lingüísticos e filolóxicos na cátedra compostelá, «unha universidade que non é só humanística, senón que tamén é referente en varias áreas da lingüística e da filoloxía a nivel nacional e internacional», Viaño tamén tivo palabras de recoñecemento para Ramón Lorenzo e Antón Santamarina, aos que se referiu como «pioneiros do desenvolvemento da lingüística galega e románica».

Este congreso apoia e reforza a importancia que a USC lle concede á internacionalización, especialmente dentro dos países de expresión portuguesa, «nos que Galicia pode e debe desempeñar unha función de ponte de comunicación entre dous mundos de dimensións oceánicas: o mundo de expresión española e o de mundo de expresión portuguesa», manifestou Viaño.

Tras a intervención do reitor, o académico e profesor do Departamento de Filoloxía Galega da USC, Henrique Monteagudo, ofreceu a conferencia inaugural do congreso, que se desenvolveu baixo o título *A lingua no tempo, os tempos da lingua. Gramática diacrónica e historia social*.

O programa do foro continuará na Facultade de Filoloxía, onde comezarán a desenvolverse en horario vespertino as sesións previstas. O acto académico de homenaxe aos fundadores do ILGA e catedráticos Ramón Lorenzo e Antón Santamarina capitalizará hoxe a atención da segunda xornada.

TECNOLOGÍA

La Cámara de Santiago fomenta las TICs en las empresas lucenses

Las Cámaras de Comercio de Santiago y de A Coruña serán las responsables de ofrecer a las empresas de Lugo los programas LeanCámaras y e-Administración, ante la falta de recursos económicos y humanos de la entidad lucense. Esta iniciativa, cofinanciada por fondos Feder de la Unión Europea, está orientada al fomento de la administración electrónica y las TICs entre las pequeñas y medianas empresas y autónomos lucenses.

UNIVERSIDADE

La USC abre el plazo de inscripción en el Centro de Lenguas Modernas

El Centro de Lenguas Modernas (CLM) de la Universidade de Santiago abre el plazo de inscripción en los cursos semestrales y anuales de idiomas. Las personas que no dispongan de un documento oficial que acredite su nivel en la lengua que les interesa estudiar, deberán realizar una prueba. También está abierta la matrícula en los cursos de español como lengua extranjera y en las pruebas de acreditación de niveles B1 o B2.



Agustín León Ara. X. A. SOLER

CURSO INTERNACIONAL

El domingo comienza una nueva edición de Música en Compostela

El próximo domingo dará comienzo en Santiago la 58 edición de los Cursos Universitarios e Internacionales de Música en Compostela, bajo la presidencia de Gerardo Fernández Albor y la dirección del violinista Agustín León Ara. En el elenco de profesores figuran Ana María Sánchez, José Luis Rodrigo, Roberto Fresco, Josep Colom, Carmen Cruz Simó, Antón García Abril, Maximino Zumalave, Ashan Pillai y Ángel Luis Quintana.

EMPRESAS

El programa Argos busca emprendedores multidisciplinares

El programa Argos, promovido conjuntamente por el Área de Valorización, Transferencia e Emprendimiento de la USC y de la incubadora de empresas Uninova, abre el plazo de inscripción hasta el 25 de septiembre para la edición 2015. El objetivo de esta convocatoria es conformar equipos interdisciplinares que recibirán asesoramiento en el proceso de planificación y constitución de un proyecto empresarial convincente.